



CIRCULAR 139-2024.

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE CAMPO A TRAVÉS ABSOLUTO POR REMUDAS MIXTO.

- **A todas as Delegacións da FGA**
- **A todos/as os/as asembleístas**
- **A todos os clubs galegos con licenza vixente**
- **A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente**
- **A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente**

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo e o Concello de Ames organizan, o 12 de outubro, o Campionato Xunta de Galicia Absoluto por Remudas Mixto, no circuíto localizado en Aldea Nova (Ames).

Art.2).- O presente Campionato é clasificatorio para o seu respectivo nacional.

- Os clubs interesados en participar, na fase nacional, deberán atender á publicación da circular na que se indique o prazo límite para a solicitude de praza.

Art.3).- Poderán participar atletas con licenza na presente tempada por algún club de Galicia.

- Cada club poderá participar cun equipo composto por dous homes e dúas mulleres de categoría Sub 20 e/ou superiores.
 - o Orde de participación: Home – Muller – Home – Muller.
- Limitacións de atletas estranxeiros e de clubs asociados:

Estranxeiros	Asociados
1*	1

**Os atletas Sub 20 non ocupan praza de estranxeiro.*

Art.4).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://sdp.rfea.es/> ata o luns 7 de outubro ás 20:00 horas.

- Prégase que, na medida en que sexa posible, se realicen as inscricións antes das 20:00 horas do luns 30 de setembro, xa que é posible que SDP deixe de funcionar en outubro.
 - o No citado caso, aquelas inscricións que, dentro do prazo, non se poidan realizar a través de SDP, deberán ser remitidas por correo a competicion@atletismo.gal
- Permítense cambios, na secretaría da competición, ata 60' antes da celebración da proba.



Art.5).- Cámara de chamadas

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma. De non ser así, non poderá participar salvo causa xustificada e aceptada polo xuíz árbitro da competición.
- Deberán acceder á vez todos os integrantes do equipo.
- Os atletas deberán saír á zona de competición coa camiseta e o dorsal posto.

Art.6).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.7).- Horario.

APERTURA C. CHAMADAS	PECHE C. CHAMADAS	HORA SAÍDA	DISTANCIA
10:35	10:50	11:00	6000 m (4x1v)

Art.8).- Premios

Os/as tres primeiros/as equipos clasificados/as recibirán un trofeo conmemorativa do Campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premios.

- A entrega de premios realizarase ás 12:15 horas.

Art.9).- A responsabilidade das inscricións dos atletas corresponderá ao seu club. Aplicanse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por equipo de remudas.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada unha sanción de 5€ por atleta, salvo causa xustificada e comunicada por escrito antes do inicio da competición á FGA a través do correo direcciontecnica@atletismo.gal

Art.10).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 12 de agosto de 2024

Yolanda González Fernández
Secretaria da Federación Galega de Atletismo